



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	A Contorna como Recurso Educativo		Código	652534006
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas EspecíficasDidácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Fraguela Vale, Raul	Correo electrónico	raul.fraguela@udc.es	
Profesorado	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán Fraguela Vale, Raul	Correo electrónico	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es raul.fraguela@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Nun contexto socioeducativo no que a infancia e a mocidade están cada vez más afastadas do medio natural e ven reducidas as súas posibilidades de aprendizaxe experiencial ante o avance das pantallas e as contornas virtuais, son moitas as voces que reclaman un replantexamento da educación cara a enfoques más experienciais e activos. Tanto en contexto educativos escolares como non escolares, a aprendizaxe do e a través da contorna próxima debe ser unha das bases do proceso de aprendizaxe, especialmente en idades temperás. O aproveitamento didáctico dos recursos que ofrece a contorna supón un cambio metodolóxico, saír das aulas e aumentar o contacto do alumnado co seu contexto vital. Supón tamén descubrir e pór en valor o patrimonio material e inmaterial de cada territorio para que sexa o primeiro estímulo e motivación do alumnado que o habita. Os docentes deben desenvolver competencias para ler a contorna en clave educativa, para xerar experiencias que desenvolvan aprendizaxes e ser capaces de elaborar recursos didácticos a partir de cada contexto.			

Competencias / Resultados do título		
Código	Competencias / Resultados do título	

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer os conceptos básicos de contorna e aprendizaxe.		AM1 AM10	
Establecer as relacións entre ambos: como se descobre, inclúe e proxecta a contorna como elemento de expansión educativa e recurso didáctico.		BM1	CM1 CM4
Analizar experiencias de aprendizaxe na contorna desde as diferentes áreas de coñecemento ou disciplinas.	AM2		CM3 CM9
Identificar os axentes da aprendizaxe en relación coa contorna, desde o individuo á comunidade educativa e a sociedade.	AM13		
Adquirir recursos para o deseño de propostas didácticas para a utilización da contorna para a aprendizaxe.	AM3 AM11 AM15	BM8 BM11	CM5 CM10
Deseñar propostas educativas a partir dos recursos que ofrece a contorna próxima.	AM3 AM8 AM17 AM18	BM2 BM4 BM5 BM8	CM1 CM3 CM4

Contidos		
Temas	Subtemas	



Fundamentos básicos para relacionar a aprendizaxe como práctica docente coa contorna como recurso educativo.	.
A clasificación dos contextos de aprendizaxe en relación coa contorna: criterios para a clasificación dos conceptos "formal", "non formal" e "informal", a súa evolución e estado actual da cuestión.	.
A contorna desde as diferentes perspectivas e a interdisciplinariedade: o seu potencial formador; análise para a identificación dos elementos da contorna e as súas linguaxes para establecer modelos de ensino-aprendizaxe.	.
As propostas para a aprendizaxe na contorna: análise de propostas, proxectos ou experiencias que se basean na contorna como recurso educativo. Metodoloxías, estratexias e resultados.	.
A contorna como recurso no deseño de propostas educativas: o proceso de deseño de propostas a partir dos recursos que ofrece a contorna próxima.	.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A11 A13 C1 C3 C10	1	14	15
Aprendizaxe colaborativa	A10 C4 C5	6	12	18
Discusión dirixida	B4 C1 C3 C10	2	2	4
Presentación oral	A8 B4 B5 C1 C9	3	6	9
Saídas de campo	A2 A18	4	4	8
Sesión maxistral	A1 A2 B11 C5	10	10	20
Traballos tutelados	A3 A15 A17 B1 B2 B8 C4 C9	1	36.5	37.5
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese emplegar como introducción xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacíons complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacíons, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conjuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.



Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestiós, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Os traballos tutelados requieren atención personalizada, polo que as titorías e as sesións de asesoramento sobre o traballo tutelado serán referencias importantes para a realización do mesmo. O profesorado poderá realizar suxestións ou solicitar modificacións sobre o traballo tutelado que deberán ser aplicadas antes da súa entrega definitiva. Nesta materia non se admite dispensa académica de exención de asistencia salvo no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC" - Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017-. Para aquellas actividades que non poida realizar por non asistir a clase, deberá acudir ás revisións das mesmas co profesorado para poder desenvolvelas.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Presentación oral	A8 B4 B5 C1 C9	Intervención baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado. Cada grupo deberá expor o seu traballo tutelado e responder as consideracións e preguntas realizadas polo profesorado da materia e os seus propios compañeiros.	30
Traballos tutelados	A3 A15 A17 B1 B2 B8 C4 C9	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesorado e en escenarios variados (académicos e profesionais). Cada grupo deberá realizar un traballo seguindo os criterios que serán indicados polo profesorado da materia.	70

Observacións avaliación



O alumnado será

avaliado a través dun traballo tutelado que poderá ser realizado grupalmente e, excepcionalmente e por causas xustificadas, de forma individual. Para que o alumnado sexa avaliado polo traballo tutelado e a exposición oral deberá asistir polo menos ao 80% das sesións presenciais. Se o estudiante non alcanza este nivel de asistencia, será avaliado polo traballo tutelado e por unha proba individual. Neste caso, os dous ítems de avaliação (traballo e proba individual) terán unha ponderación do 50%, solicitándose en cada unha delas unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 para aprobar a materia.

Este sistema de

avaliación será o mesmo para a primeira e segunda oportunidade, entendéndose que o alumnado que alcancase os requisitos de asistencia, ten dereito a ser avaliado a través do traballo tutelado e a exposición oral nas dúas oportunidades.

As dúas opcións

de avaliação son aplicables aos alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, en función de se alcanzan ou non o 80% de asistencia ás sesións presenciais.

Aqueles alumnos

con dispensa académica de exención de asistencia terán que avaliarse a través do traballo tutelado e a proba individual, cunha ponderación do 50%, solicitándose en cada unha delas unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 para aprobar a materia.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Esta bibliografía é orientativa e podrá ser ampliada polo profesorado ao comezo da materia.</p> <p>Algás, P. et al. (2010). Los proyectos de trabajo en el aula: reflexiones y experiencias prácticas. Barcelona: Graó.</p> <p>Arias Correa, A. et al. (2009). O traballo por proxectos en Infantil, Primaria e Secundaria. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.</p> <p>Bilton, H. (2010). Outdoor Learning in the Early Years. Management and Innovation, 3rd Edition. London: Routledge.</p> <p>Chen, W., Cone, T.P., Cone, S.L. (2007). A collaborative approach to developing an interdisciplinary unit. Journal of Teaching in Physical Education, 26 (2), 103-124.</p> <p>Conde, J., Torre, E., Cárdenas, D. y López, M. (2010). La concepción del profesorado sobre los factores que influyen en el tratamiento interdisciplinar de la Educación Física en Primaria. Cultura, Ciencia y Deporte, 13, 11-24.</p> <p>Díaz Lucea, J. (2010). Educación física e interdisciplinariedad, una relación cada vez más necesaria. Tándem: Didáctica de la Educación Física, 33, 7-21.</p> <p>Díez Navarro, C. (1995). La oreja verde de la escuela. Trabajo por proyectos y vida cotidiana en la escuela infantil. Madrid: Ed. de la Torre.</p> <p>Eschenhagen, María Luisa (2011). Contexto y exigencias a las ciencias sociales para afrontar los problemas ambientales. Polis [En línea], nº 30.</p> <p>Fraguela-Vale, R. y Varela-Garrote, L. (2016). Las actividades de orientación y conocimiento del entorno en Educación Primaria. Tándem: Didáctica de la Educación Física, 51, 24-31.</p> <p>García, E. R., Cervantes, C. T. y de la Torre Navarro, E. (2012). (Trans)formar docentes, (trans)formar personas. Una experiencia interdisciplinar para democratizar el aula universitaria. Estudios Pedagógicos, 38 (ESPECIAL), 347-370.</p> <p>Gutiérrez Ferrer, M. L. (2001). Las excursiones escolares y la interdisciplinariedad en ciencias sociales. Alejandro de Tudela. Iber: Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia, 27, 113-120.</p> <p>Hernández, F. (2002). Los proyectos de trabajo. Mapa para navegantes en mares de incertidumbre. Cuadernos de Pedagogía, 310, 78-82.</p> <p>Holt, N. L. (Ed.) (2008). Positive youth development through sport. London: Routledge.</p> <p>Humberstone, B., Prince, H. y Henderson, K. A. (2017). Routledge International Handbook of Outdoor Studies. London: Routledge.</p> <p>Juanola, R. (2011). La investigación didáctica: hacia la interdisciplinariedad y la cooperación. Educación Siglo XXI, Vol. 29 nº 1 · 2011, 233-262.</p> <p>Louv, R. (2018). Los últimos niños en el bosque. Madrid: Capitán Swing.</p> <p>Majó Masferrer, F.; Baqueró Alos, M. (2014). Ocho ideas clave. Los proyectos interdisciplinarios. Barcelona: Graó.</p> <p>Martin, A. y Franc, D. (2017). Outdoor and Experiential Learning. London: Routledge.</p> <p>Méndez, A. y Fernández-Río, J. (2010). Los juegos tradicionales infantiles: un marco privilegiado para el trabajo interdisciplinar y competencial. Tándem. Didáctica de la Educación Física, 33, 67-76.</p> <p>Millington, B., Wilson, B. (2010). Context masculinities: Media consumption, physical education, and youth identities. American Behavioral Scientist, 53 (11), pp. 1669-1688.</p> <p>Miralles Martínez, P., Rivero Gracia, P (2012). Propuestas de innovación para la enseñanza de la historia en Educación Infantil. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 15/1, 81-90.</p> <p>Otero Saborido, F. M. (2010). Proyecto globalizador en un centro educativo. Educación Física interdisciplinar: juegos olímpicos en la antigua Grecia. Tándem: Didáctica de la Educación Física, 33, 36-45.</p> <p>Prats Cuevas, J. (2000). Disciplinas e interdisciplinariedad. El espacio relacional y polivalente de los contenidos de la didáctica de las ciencias sociales. Iber: Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia, 24, 7-18.</p> <p>Purcell Cone, T., Werner, P. y Cone, S. (2009). Interdisciplinary Elementary Physical Education-2nd Edition. Champaign: Human Kinetics.</p> <p>Souto González, X. M. (2011). ?Geografía y otras ciencias sociales: la interdisciplinariedad y la selección de contenidos didácticos? en Prats Cuevas, J., Didáctica de la Geografía y la Historia, 131-144.</p> <p>Waite, S. (2017). Children Learning Outside the Classroom From Birth to Eleven, Second Edition. London: SAGE Publications Ltd.</p> <p>Wallerstein, I. (coord.) (2001 [1996]). Abrir las Ciencias Sociales. México: Siglo XXI.</p> <p>Woods, A. (2016). Elemental Play and Outdoor Learning. London: Routledge.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendación

Materias que se recomienda cursar previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Intervención Didáctica en Espazos Culturais /652534020

Traballo por Proxectos en Educación Física /652534018

Investigación e Innovación en Didáctica das Ciencias Sociais /652534021

Investigación e Innovación en Didáctica da Expresión Corporal /652534019

Observacións

No caso de que se solicite entregar algún trabalho impreso, teranse en conta as seguintes recomendacións: non utilizar plásticos, elixir impresión a dobre cara e empregar papel reciclado. Na medida do posible, evitar a impresión de borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías